

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

8 DE MARZO

Mulleres en FOLGA



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal



Secretaría das mulleres

8 DE MARZO DE 2019

MULLERES EN FOLGA

Na histórica xornada do 8 de marzo do pasado ano, miles de galegas ateigamos as prazas e vilas do país participando no **Paro internacional de mulleres**, conseguindo pór no foco do debate social a problemática dos coidados e a discriminación que sufrimos as mulleres tanto nos lugares de traballo como fóra destes. Un ano despois, cómpre impulsarmos na Galiza un novo día de loita, para que dunha vez por todas o poder entenda que as mulleres estamos **fartas da desigualdade e das agresións que sufrimos** e porque non imos permitir que nos fagan retroceder nos nosos dereitos, cando aínda nos quedan moitos por conquistar.

A **precariedade** segue a ser a definición da tipoloxía do emprego das galegas. Seguimos a sufrir **fenda salarial**, traballando en **categorías inferiores**, con **peores retribucións** polo mero feito de sermos mulleres. Continuamos afastadas dos grupos de poder e de toma de decisións por mor dun **chan pegañento** que nos impide promocionar. Seguimos aturando **acoso e agresións sexuais** a pesar da existencia de protocolos nas empresas. Aínda somos **despedidas** a causa da nosa maternidade. Continuamos realizando **dúplas e triplas xornadas** e con escasos dereitos laborais que faciliten a conciliación, obrigándonos na práctica a **reducir horarios e ingresos**. Somos moitas as que **formamos parte da economía somerxida**, exercendo actividades laborais **sen dereito a prestacións**. Seguimos a sufrir o impacto dos **contratos a tempo parcial e de curta duración...** Vellas e novas fórmulas de explotación laboral, que derivan ao final da nosa vida nunhas **xubilacións míseras**, agravadas por mor das lagoas de cotización derivadas do coidado da familia. A isto hai que sumarlle o enorme risco de **empobrecemento** que persiste entre as

desempregadas, xa que moitas delas carecen de calquer tipo de prestación, e máis da metade perciben subsidios de escasa contía.

Polas que estamos e polas que xa non teñen voz, iremos á folga. O 8 de marzo na Galiza as mulleres estamos chamadas a unha xornada de folga, unha folga laboral, no ensino, de consumo, de coidados. Unha folga **para denunciar as discriminacións e o machismo que sufrimos**, mais tamén **para desmontar e denunciar a hipocrisía e a falsidade coa que se trata a problemática específica das mulleres tanto por parte da patronal como por parte do poder político e do sistema**.

Este 8 de marzo faremos folga de 24 horas por todas as mulleres que son agredidas polas súas parellas, exparellas, xefes ou descoñecidos, insultadas, perseguidas, cuestionadas, maltratadas, acosadas, violadas, explotadas; aldraxadas pola xustiza patriarcal que dita sentenzas machistas espallando a sensación de impunidade, multiplicando as agresións; por todas as mulleres asasinadas polo mero feito de ser mulleres.

Por ti, por min, por todas! Participa na manifestación nacional convocada por Galegas8m o día 3 de marzo en Lugo

Fai folga e súmate ás mobilizacións convocadas pola CIG e polo movemento feminista o vindeiro 8 de marzo!